PARTE IV
ESTRATEXIA

ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO RURAL PARTICIPATIVO LEADER DE GALICIA 2014-2020



ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE

GDR 16

PARTE IV ESTRATEGIA

INDICE

1. ANALISE DAS NECESIDADES DE DESENVOLVEMENTO E POTENCIAL DA ZONA DE ACTUACIÓN. 4

1.1. ANÁLISE DAFO 4
1.2. XUSTIFICACIÓN DA ESTRATEXIA 12
1.3. TEMA PRINCIPAL E LINEAS ESTRATÉXICAS 13
1.4.- OBXECTIVOS PRINCIPAIS, SECUNDARIOS E ESPECÍFICOS: PLAN DE ACCIÓN. 14
1.4.1.- Linea estratéxica 1 - ESPECIALIZACIÓN TERRITORIAL SOSTIBLE PARA O APROVEITAMENTO DE SINERXÍAS ENTRE SECTORES. 15
OBXECTIVO XERAL 2.- IMPULSAR A DOTACION DE SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS 21
1.4.1.1. Descrición de obxectivos e accións concretas en que se poden traducir 28
1.4.2. Linea estratéxica 2.- Estimular a economía, o emprendemento, a creación de emprego e a innovación 32
OBXECTIVO XERAL 4. ESTÍMULO AO EMPRENDEMENTO E A CREACIÓN DE EMPREGO, A TRAVÉS DE: 63
1.5. ORZAMENTO POR ACCIÓNS 74
1.6. INDICADORES DE SEGUIMENTO 77
1.7. DESCRICIÓN DAS CARACTERÍSTICAS INNOVADORAS DA ESTRATEXIA 79
1.8. DESCRICIÓN DAS CARACTERÍSTICAS INTEGRADAS DA ESTRATEXIA 81
1.9. INCIDENCIA DA ESTRATEXIA NOS COLECTIVOS DE MOZOS, MULLERES, INMIGRANTES E PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL. 83
1.10. INCIDENCIA DA ESTRATEXIA NA CONSERVACIÓN, MELLORA E PRESERVACIÓN DO MEDIO AMBIENTE E INCIDENCIA NO CAMBIO CLIMÁTICO E AFORRO ENERXÉTICO. 84
1.11.- COMPLEMENTARIEDADE E COHERENCIA CON OUTROS PROGRAMAS DE DESENVOLVEMENTO QUE SE APLIQUEN NO TERRITORIO. 91
1.11.1.- Marco comunitario de coordinación. 91
1.11.2. Complementariedade e coherencia con outros programas de desenvolvemento. 92
1.11.3. Descrición dos criterios que garantan a coherencia da estratexia de desenvolvemento local coas intervencións doutros programas e liñas de axuda que se implementen no territorio. 92
1.11.4. Coherencia co PDR de Galicia. 92

1. ANALISE DAS NECESIDADES DE DESENVOLVEMENTO E POTENCIAL DA ZONA DE ACTUACIÓN.

Segundo sinalan as bases reguladoras, esta análise céntrase nos trazos característicos e singulares da zona, para o que se tiveron en conta, na PARTE II: TERRITORTIO E POBOACIÓN, os indicadores de contexto que permiten definir a situación do territorio e que coinciden, na medida do posible, segundo a información estatística existente, cos incluídos no punto 1 do anexo IV do Regulamento (EU) 808/2014 da Comisión do 17 de xullo de 2014 e cos indicados no PDR de Galicia 2014-2020.

1.1. Análise DAFO

DAFO

TERRITORIO

INTERNO	EXTERNO
DEBILIDADES – Insuficiente planificación territorial. – Deficiente dotación de servizos e equipamentos públicos debido á atomización dos núcleos poboacionais – Incompleta rede de comunicacións ✓ Deficiente rede interna de estradas. ✓ Deficiente e escaso servizo de ferrocarril. – Carencia de servizos de transporte público para viaxeiros por estrada tanto interiores como conexións externas).	**AMEAZAS** – Débil sentimento comarcal ✓ Baixa percepción de pertenza e identificación co territorio comarca. – Desequilibrio territorial entre as zonas máis urbanas e as máis rural. – Atracción das zonas urbanas, mellor dotadas, fronte ás máis rurais. – Aumento crecente dos prezos do chan, que elevan o dos locais comerciais, naves, edificios e chan industrial. – Recortes de fondos estruturais e de cohesión..
FORTALEZAS – Boa situación xeográfica, no centro de Galicia. – Existencia de núcleos importantes: as cabeceiras de comarca, ben comunicadas tanto con Santiago de Compostela, como con Ourense como co resto das capitais de provincia. – Boa localización xeográfica, de fronte ao desenvolvemento de actividades turísticas. – Clima apto para o desenvolvemento de actividades de diversificación, tanto no sector primario, como cara a actividades turísticas: lecer e cultura. – Importante aproveitamento de enerxías renovables. • Crecemento da enerxía eólica.	**OPORTUNIDADES** – Diferenciación do territorio cara á sustentabilidade ambiental, que potencie as sinerxías entre o turismo, a produción agroalimentaria e a actividade industrial. – Promoción das certificacións ambientais. – Aproveitamento da rede hidrográfica e das oportunidades derivadas da auga. – Recoñecemento da marca Galicia, asociada a calidade, cultura e gastronomía, que pode beneficiar ao territorio. – Ampliación das redes de telecomunicacións que pode beneficiar ao territorio.

MEDIOAMBIENTE

INTERNO	EXTERNO
DEBILIDADES – Deficiencias na ordenación do monte, que impide a integración do aproveitamento silvícola cos aspectos ambientais. – Escasa implantación de sistemas de calidade e ambiental. – Existencia de zonas degradadas e deforestadas a consecuencia dos incendios forestais. – Degradación ambiental e contaminación dos cursos fluviais (Deza, Ulloa) – As zonas de montaña presentan problemas de deforestación, erosión e desaproveitamento dos recursos.	**AMEAZAS** – Tendencia cara á desaparición das formas de explotación tradicionais. – Existencia de vertedoiros incontrolados. – Contaminación dos cursos fluviais e insuficientes depuradoras – Posibilidade de deterioración ambiental pola vertedura de residuos urbanos e actividade industrial. – Excesiva dedicación do chan ás actividades gandeiras
FORTALEZAS – Existencia de amplas zonas protexidas , con recoñecemento dos seus valores ecolóxicos e ambientais: NATURA 2000 e Rede de espazos Galegos. – Grandes valores naturais, ambientais que dan ao territorio un alto potencial do turismo rural e cultural. – Boas condicións ambientais que favorecen o desenvolvemento de diversas industrias, tanto ligadas á produción como a madeireira ou ao turismo de interior e de natureza. – Potencialidades patrimoniais artísticas e etnográficas do territorio: arte megalítico mámoas e petróglifos, castros.	**OPORTUNIDADES** – Promover a sustentabilidade ambiental. – Aproveitamento dunha contorna natural pouca explotado e por tanto pouco degradado. – Aproveitamento de espazos naturais dentro dunha estratexia de desenvolvemento sustentable. – Lugares de gran atracción ambiental: Monumento natural da Fraga de Catasós, encoro de Portodemouros. – Reforestación para a conservación ambiental, a utilidade económica e a recuperación dos chans: promover a silvicultura sustentable. – Potencial turístico dos cursos fluviais – Oportunidade de desenvolver actuacións de potenciación da caza e a pesca. – Posibilidade de mellorar o estado de conservación das zonas protexidas, tanto ambientais, como patrimoniais.

POBOACIÓN

INTERNO	EXTERNO
DEBILIDADES. – Asentamento territorial desigual – Elevada dispersión dos núcleos de poboación: 554 núcleos e un total de 1125 entidades de poboación diseminadas – O 84,3% da poboación reside en núcleos de moi pequeno tamaño, (< de 500 habitantes, entre os que o 56,5% do total corresponden a núcleos de menos de 50 habitantes. – Problemas de acceso aos servizos e de falta de equipamentos. – Alto grao de envellecemento da poboación. (28,4%). – Dificultades de acceso ás NNTT da poboación en xeral e dos establecementos empresariais	**AMEAZAS** – Desaxuste entre o nivel de formación e as necesidades do mercado de traballo. – Progresiva perda de poboación que pode desprover de recursos humanos ao rural. – Elevada idade media da poboación que dificulta o acceso á innovación. – Incremento da poboación dependente, de maiores de 65 anos e descenso da poboación menor de 15. – Niveis de renda por habitantes máis baixos que a media da provincia e da Comunidade autónoma. – Diferenzas de renda entre os municipios máis grandes e os máis rurais. – Elevada taxa de paro 22%, que afecta de forma especial ao sector servizos (o que máis emprego xera) e á poboación feminina entre os 25 e 45 anos.
FORTALEZAS – Existencia de municipios que dispoñen de servizos e equipamentos a nivel comarcal e inflúen no desenvolvemento económico (Lalín e A Estrada, aínda que os seus núcleos principais quedan fóra do ámbito de actuación do programa). – Incremento paulatino da cualificación da forza de traballo. – Crecente incorporación da muller á actividade económica.	**OPORTUNIDADES** – Posta en marcha de accións para o mantemento poboacional, que mitiguen a regresión demográfica: ✓ Cualificación da poboación, en relación aos sectores capaces de xerar emprego. ✓ Desenvolvemento da mentalidade emprendedora, como sistema de rexeneración poboacional e económica. ✓ Mellora da prestación de servizos básicos que axuden a manter ás persoas nas zonas rurais. ✓ Mellora dos servizos e equipamentos que fomenten a igualdade e melloren as condicións de traballo.

ECONOMÍA

EMPREGO E EMPRESA

INTERNO	EXTERNO
DEBILIDADES. – Insuficientes actividades empresariais. – Debilidade do tecido industrial. – Abundancia de pequenas empresas con pouco nivel de especialización. – Escasa cooperación empresarial. – Dificultades para o correcto funcionamento dos polígonos empresariais: – Insuficiente dotación de servizos – Inexistencia de transporte público – Baixa taxa de actividade, sobre todo feminina. – Forte segmentación do mercado de traballo por idades e xénero. – Baixo nivel de rendas e de produtividade do traballo. – Escasa implantación de sistemas de calidade e ambiental, con poucas empresas certificadas coas normas ISO 9000 ou 14001 ou outras. – Insuficiente implantación de novas tecnoloxías nas pequenas empresas – Crise do sector da construción e os servizos subsidiarios a esta.	**AMENAZAS** – Tendencia cara á desaparición de sectores tradicionais. – Excesiva dependencia tecnolóxica do exterior. – Falta de financiamento e/ou alto custo dos recursos financeiros das empresas. – Deficiente cultura empresarial, e escaso desenvolvemento de estratexias de cooperación entre as empresas existentes, para ofrecer ofertas conxuntas e máis competitivas. – Elevada fragmentación do tecido empresarial provocando unha forte competencia e rivalidade entre as empresas. – Carencia de persoal cualificado e especializado que retarda o crecemento das empresas. – Formación universitaria e formación profesional non está adaptada ás necesidades empresariais.
FORTALEZAS – Diversificación en diferentes sectores produtivos que fan posible as melloras en todos os ámbitos. – Importante desenvolvemento de actividades de deseño. – Certo nivel de especialización por parte das empresas máis dinámicas da zona: alimentarias, téxtiles e outras industrias – Baixa conflitividade laboral. – Fortaleza na especialización de persoal dispoñible para a industria téxtil.	**OPORTUNIDADES** – Potenciar sinerxías entre sectores para a mellora da competitividade. – Existencia de chan industrial e parques empresariais importantes con necesidades de ampliación, o que mostra dinamismo empresarial. – Incremento do investimento en Investigación Desenvolvo e Innovación (I+D+i). – Creación de novos nichos de emprego e novas formas de traballo. – Potencialidade de desenvolvemento ligado á implantación de novas tecnoloxías. – Adaptación da formación dos traballadores á demanda dos mercados. – O proceso de globalización e o desenvolvemento progresivo do comercio internacional pode permitir intercambios beneficiosos (exportación e importación de produtos) para as empresas da zona.

SECTOR PRIMARIO E AGROALIMENTARIO

INTERNO	EXTERNO
DEBILIDADES. – Pequeno tamaño, elevada parcelación e baixa mobilidade das terras que limitan a dimensión das explotacións. – Baixo nivel de rendas. – Dificultades para a substitución xeracional. – Abandono das terras. – Evolución negativa dos prezos dos principais produtos primarios: leite, carne, madeira. – Reducidos marxes nas producións gandeiras e escaso desenvolvemento de producións alternativas. – As deficiencias na ordenación do sector forestal impiden o establecemento de sinerxías entre as diversas actividades: aserrío, carpintería e moble, turismo, caza e lecer.	**AMENAZAS** – Descenso da superficie agraria útil (SAU), debido ao abandono de explotacións, fenómenos urbanísticos e recalificación dos usos do chan. – Descenso do número das explotacións agro gandeiras. – Abandono da actividade, coa consecuente alteración ambiental e paisaxística. – Crecemento débil do consumo en alimentación. – Forte nivel da competencia, favorecida pola globalización.
FORTALEZAS – Potenciación de actividade gandeira e agraria, e da industria transformadora asociada a esas actividades produtivas. – Clima adecuado para a implantación de novos cultivos no territorio. – Fortaleza da industria agroalimentaria. – Boa imaxe de calidade e de produtos naturais de Galicia no exterior. – Boa imaxe e produtos de calidade do territorio en Galicia. – Alta valoración do concepto de calidade dos produtos, por parte do mercado. – Fortaleza dos Montes veciñais mancomunhados	**OPORTUNIDADES** – Potenciar as sinerxías entre o turismo, a produción agroalimentaria e a actividade industrial – Reestruturación da actividade gandeira – Mellora da xestión da terra, por medio da ordenación de usos – Potenciación da silvicultura sustentable – Extensión da participación dos produtores agroalimentarios en réximes de calidade: – Potenciación de distintivos de calidade comarcais. – Apoio ás cadeas de distribución curta e aos mercados locais – Apoio á actividade artesá

SERVIZOS

INTERNO	EXTERNO
DEBILIDADES – Excesivo transvase de poboación local ao sector servizos. – Excesiva concentración dos servizos nas áreas urbanas. – Escaseza de estruturas de apoio ao tecido industrial. – Debilidade das infraestruturas de turismo. – Escaso aproveitamento das oportunidades que ofrecen os sectores de caza e lecer.	**AMEAZAS** – Capacidade de atracción da poboación e os recursos da comarca cara ao exterior, pola existencia de mellores servizos e equipamentos. – Perda de atractivo dos núcleos peor dotados. – Dificultades para atraer novos servizos á comarca, pola baixa masa crítica.
FORTALEZAS – Alto potencial para o desenvolvemento do turismo rural e cultural: ✓ Excelente localización xeográfica, ✓ Grandes posibilidades de desenvolvemento do ecoturismo.	**OPORTUNIDADES** – Creación de servizos adaptados ás especiais características poboacionais e territoriais. – Establecemento de sinerxías entre os servizos turísticos e o medioambiente, a través da planificación territorial. – Apoio ás actividades tradicionais e artesás, que cren sinerxías entre estas e o sector turístico. – Creación de infraestruturas de apoio ao comercio – Implantación de novas tecnoloxías nos servizos – Creación dun destino turístico adaptado ás características territoriais – Coordinación da oferta turística.

TURISMO

INTERNO

DEBILIDADES.

- Escaso grao de profesionalización do sector: necesidade de cualificación, en determinados sectores (xestión, comercialización turística, aplicacións tecnolóxicas e idiomas).
- Necesidade de realizar investimentos para a creación ou modernización de empresas : Excesiva dependencia de axudas públicas
- Limitada oferta de establecementos de restauración no interior comarcal
- Limitada oferta de turismo de experiencias, nocturno e de lecer
- Escasa presenza de iniciativas que posibiliten a participación activa do turista en actividades agro gandeiras, artesás, agroalimentarias, pesqueiras?.
- Complexidade das comunicacións intra comarcais e deficiencia dos transportes internos
- Desconexión da rede de equipamentos turísticos e administrativos.
  - ✓ Funcionamento independente dos equipamentos municipais (oficinas turísticas, teleclubs).
  - ✓ Ausencia de coordinación entre o funcionamento dos espazos museísticos, con horarios de apertura e peche coincidentes e pouco adecuadas ás demandas turísticas.
- Deficiente sinalización turística.
- Escasa grao de desenvolvemento do produto/destino turístico comarcal.
- Localismos e exceso de entes turísticos
  - ✓ Existencia de diversas asociacións turísticas, que pola recente creación do territorio Terras de Pontevedra Norte poden producir unha falta de unidade na representación dos intereses do sector.(Ouro Verde, Mar de Compostela).
- Baixa coordinación entre as distintas asociacións turísticas.
  - ✓ Desconexión entre Turismo Rías Baixas e empresas turísticas de Terras de Pontevedra Norte.
- Ausencia de recursos de atracción masiva
  - ✓ Inexistencia ou ausencia de posta en valor dun produto, recurso/recursos diferenciados, capaz en si mesmo de actuar como fluxo de atracción turística.
  - ✓ Necesidade de utilización de recursos próximos extracomarcales como fonte de atracción (ex. Santiago de Compostela).
- Impreciso coñecemento dos recursos da comarca por parte dos propios promotores turísticos.
  - ✓ Dificultade de conectividade e acceso a TIC por parte das empresas.
  - ✓ Dificultade para o acceso a Internet en parte do territorio; baixa conectividade.
- Deficiencias en equipamentos e uso de novas tecnoloxías na xestión das iniciativas turísticas.
- Dificultades para a organización e elevado custo das actividades promocionais.
- Insuficiencia de accións de I+D+i no sector..
  - ✓ Ausencia de actuacións de investigación aplicadas á comercialización do sector, deseño de novos produtos e servizo.

EXTERNO

AMENAZAS

- Despoboamento progresivo e abandono das actividades tradicionais.
- Alteracións das paisaxes tradicionais e os ecosistemas naturais.
- Perda de enclaves de alto valor natural.
- Incremento das actividades industriais xeradoras de posibles alteracións ambientais e contaminación.
- Efectos negativos sobre a paisaxe e os ecosistemas de infraestruturas e novas fontes de enerxías renovables (eólicos).
- Insuficiencia de recursos públicos.
- Dificultades para a posta en funcionamento e/ou adecuado mantemento de infraestruturas e recursos turísticos públicos (museos, áreas recreativas, rutas, lugares de interese?).
- Dificultades para o mantemento da rede de estradas en adecuado estado de conservación.
- Limitados recursos das administracións locais integrantes da comarca, dada a dimensión e estrutura económica dos municipios.
- Dificultades normativas.
- Complexidade, exceso de normativa de variada e dificultades que afectan o desenvolvemento de actividades turísticas, especialmente ao turismo activo e turismo de experiencias, os circuítos temáticos, a venda directa?.
- Crise económica
  - ✓ Limitada capacidade de gasto en turismo dos españois, principal mercado.
  - ✓ Guerras de prezos noutras zonas para a captación do cliente.
- Rápida evolución das TIC, que atopa limitacións para a súa aplicación na comarca.

FORTALEZAS

- Riqueza gastronómica: existencia de produtos locais de gran calidade.
- Recursos atractivos para o turismo activo
- Atractivo meteorolóxico: temperaturas suaves todo o ano, que permiten a desestacionalización das actividades
- Importantes recursos culturais e etnográficos
- Culturas castrexas, románicas e mercados tradicionais.
- Centros etnográficos.
- Camiño de Santiago.
- Equipamentos museísticos e patrimoniais singulares.
- Importantes recursos naturais.
- Incremento de establecementos con marcas de calidade e establecemento de cualificación media-alta.
- Comarca escasamente explotada turísticamente, en relación con outras zonas do sur de Pontevedra e de Galicia.
- Proximidade a destinos moi coñecidos e enclaves singulares, que poden actuar como factor de atracción (Santiago de Compostela).

OPORTUNIDADES

- Boas comunicacións: facilidade de acceso desde calquera punto de Galicia.
- Interese institucional polo sector.
  - ✓ Investimentos da administración local en equipamentos e infraestruturas culturais, deportivas e turísticas.
  - ✓ Apoio á promoción turística por parte da Xunta de Galicia
  - ✓ Existencia de Programas Europeos, GAL e institucións de carácter local
  - ✓ Posibles axudas á creación, ampliación ou modernización de iniciativas turísticas empresariais, e investimentos turísticos non lucrativas.
  - ✓ Existencia de apoios ao desenvolvemento de proxectos de carácter local (axentes de desenvolvemento, centro SAT?) que facilitan a tramitación administrativa.
- Existencia de elementos diferenciadores do destino.
- Posibilidade de reconducir o desenvolvemento turístico actual cara a unha formulación en conxunto a base de actuacións aglutinadas baixo un destino turístico común.
- Comunidade Autónoma como destino con elevada imaxe de calidade: bo posicionamento turístico de Galicia como destino de calidade.
- Incremento do turismo cultural e relixioso
- Presenza de elementos susceptibles de adecuarse a unha demanda crecente de turismo cultural (cultura castrexa e románico) e relixioso (Camiño de Santiago).
- Proximidade de destinos con bo posicionamento turístico
- Existencia de destinos próximos con bo posicionamento en turismo e gastronomía (Santiago de Compostela), que pode ser utilizado como fonte de atracción turística.
- Existencia dun produtos diferenciadores castros, románico, camiño de Santiago, con insuficiente proxección cara ao exterior. Existencia de equipamentos vinculados a estes produtos.

1.2. Xustificación da estratexia

A análise realizada, revela, unha situación poboacional definida por:

- A ocupación desigual do territorio.
- paulatino envellecemento e descenso poboacional.
- A desigual distribución dos servizos.
- estancamento económico.
- As dificultades para o acceso ao mercado laboral, en particular de mulleres e novas.

Con todo, tamén se detectaron sectores, entre os que se poden desenvolver sinerxías e que poden constituírse como motores de especialización territorial:

1. As potencialidades ambientais.
2. As producións agroalimentarias e industriais.
3. Os recursos turísticos: culturais, patrimoniais e ambientais.

Por tanto, a proposta baséase no desenvolvemento dunha ESTRATEXIA SINÉRGICA E SUSTENTABLE, entre estes sectores: ambiental, produtivo e turístico, que:

- Propicie a compatibilización dos usos tradicionais, con novas formas de actividade.
- Permita a mellora e o posicionamento das producións comarcais
- Posibilite o desenvolvemento turístico, cultural e ambiental

Segundo reflíctese na convocatoria para a selección de estratexias de desenvolvemento local, o enfoque LEADER, para o período 2014-2020 en Galicia , debe orientarse á consecución prioritaria dos seguintes obxectivos:

a. Mellorar as condicións para crear e manter emprego no medio rural.
b. Mellorar e implementar servizos para a poboación nas zonas rurais, favorecendo a mellora do nivel de vida da poboación rural, a inclusión social e a redución da pobreza.
c. Favorecer a ocupación sustentable do territorio, prestando atención especial aos colectivos máis desfavorecidos, como as mulleres, os mozos, as persoas con discapacidade, as persoas maiores, etc.
d. Garantir a sustentabilidade da actividade no medio rural mediante un coidado e utilización adecuados dos recursos naturais.
e. Potenciar a gobernanza local e a animación social do territorio.

Contribuír á concienciación e ao fomento da necesidade de pasar a unha economía baixa en carbono e capaz de adaptarse ao cambio climático, fomentando a utilización de enerxías renovables e a mellora da eficiencia enerxética.

1.3. Tema principal e lineas estratéxicas

En resposta a esta orientación de obxectivos e ás conclusións extraídas da análise seleccionouse un **TEMA PRINCIPAL**:

POTENCIAR A ESPECIALIZACIÓN AMBIENTAL DO TERRITORIO,


CONTRIBUÍNDO Á CREACIÓN E CONSERVACIÓN DO EMPREGO

E dúas **LÍNEAS ESTRATÉXICAS:**

1. ***ESPECIALIZACIÓN TERRITORIAL SOSTIBLE PARA O APROVEITAMENTO DE SINERXÍAS ENTRE SECTORES.***

2. ***ESTIMULAR A ECONOMÍA, O EMPRENDEMENTO, A CREACIÓN DE EMPREGO E A INNOVACIÓN.***

Que se desagregarán en obxectivos principais e secundarios, segundo reflectimos no seguinte gráfico.



Estes obxectivos, correspóndense aos do PDR da Comunidade Autónoma de Galicia, e aos aspectos sinalados na presente convocatoria, ademais, na súa formulación teranse en conta os obxectivos transversais, que expón o novo período de programación: **INNOVACIÓN, MEDIO E MITIGACIÓN E Á LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO.**

1.4.- Obxectivos principais, secundarios e específicos: plan de acción.

Este Plan de acción sinala a forma na que os obxectivos se traducen en accións, por iso, para cada un dos obxectivos principais sinalamos os efectos esperados en forma de obxectivos secundarios e específicos.

1.4.1.- Linea estratéxica 1 - ESPECIALIZACIÓN TERRITORIAL SOSTIBLE PARA O APROVEITAMENTO DE SINERXÍAS ENTRE SECTORES.

Converter o turismo nun motor de desenvolvemento do territorio, reforzando a sustentabilidade e aproveitando as sinerxías entre os distintos sectores para crear un destino turístico sustentable e de calidade.

Este obxectivo xeral está fundamentado na excelente situación xeográfica e o potencial dos recursos do territorio así como do capital humano que o conforman, combinación de elementos que precisan ser desenvolvidos e potenciados adecuadamente.

Esta liña estratéxica diríxese ao obxectivo xeral:

OBXECTIVO XERAL 1.- PROMOVER E IMPULSAR O DESEÑO DUNHA PLANIFICACIÓN TERRITORIAL SOSTIBLE

Ao obxecto de potenciar a diferenciación do territorio cara á sustentabilidade ambiental -**MARCA TERRITORIAL AMBIENTAL-**, e promover a creación de sinerxías entre os diferentes sectores de diferenciación territorial.

Esta liña estratéxica responde á premisa de que o territorio, non só cumpre funcións de produción de materias primas, senón tamén outras funcións, recoñecidas como bens públicos, tales como conservación do medioambiente, conservación da identidade e tradicións culturais, equilibrio demográfico, e cohesión social e territorial.

O obxectivo desta liña é incrementar o valor do territorio no seu conxunto, incluíndo os seus diferentes produtos, servizos e recursos, para a mellora da calidade de vida da poboación e para o fortalecemento dos seus vínculos coa cultura local e a contorna física-natural, creando un espazo xeográfico común cun alto nivel de competitividade territorial.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO
OBXECTIVO XERAL 1. **PROMOVER E IMPULSAR UNHA PLANIFICACIÓN TERRITORIAL SOSTIBLE**
OBXECTIVO ESPECÍFICO
1.1. DIFERENCIACIÓN DO TERRITORIO CARA A SOSTENIBILIDADE AMBIENTAL
ACCIÓNS A DESENVOLVER
1.1.1. PROMOVER A IDENTIDADE TERRITORIAL, para incrementar a competitividade territorial vinculada á identidade, a calidade social, ambiental e económica en cada un dos municipios do ámbito de intervención do GDR.
LOCALIZACIÓN
Todo o territorio do GDR 16
PROMOTORES POTENCIAIS
GDR Terras de Pontevedra Norte
DESCRICIÓN
Accións de IDENTIFICACIÓN TERRITORIAL: - Dinamización dos municipios e da poboación local e empresarios cara á idea "TERRITORIO SOSTIBLE: MEDIO AMBIENTE-PRODUCIÓNS LOCAIS. TURÍSMO-CALIDADE DE VIDA". - Accións de promoción da diferenciación do territorio cara á sustentabilidade: TERRITORIO SOSTIBLE. - Accións de sensibilización da poboación (en especial dos mozos) para o coñecemento das potencialidades e dos SECTORES DE ESPECIALIZACIÓN TERRITORIAL (medioambiente, produtos comarcais, turismo SOSTIBLE), ao obxecto de incentivar o asentamento poboacional. - Identificación dun logotipo estreitamente ligado á identidade do territorio
REQUISITOS
Accións a celebrar desde a Submedida 19.4. Animación.
NATUREZA DAS ACCIÓNS
Non produtiva
ORZAMENTO APROXIMADO POR CADA ACCIÓN
5.000,00 €
INDICADORES ESPECÍFICOS
– Número de participantes nas accións de promoción
– Número de eventos celebrados
– Número de mulleres e mozos participantes nas accións de promoción

OBXECTIVO ESTRATÉXICO
OBXECTIVO XERAL 1. **PROMOVER E IMPULSAR UNHA PLANIFICACIÓN TERRITORIAL SOSTIBLE**
OBXECTIVO ESPECÍFICO
1.1. DIFERENCIACIÓN DO TERRITORIO CARA A SOSTENIBILIDADE AMBIENTAL
ACCIÓNS A DESENVOLVER
1.1.2. PROMOVER O DESEÑO DUNHA PLANIFICACIÓN TERRITORIAL SOSTIBLE
LOCALIZACIÓN
Todo o territorio do GDR 16
PROMOTORES POTENCIAIS
GDR Terras de Pontevedra Norte
DESCRICIÓN
Accións de IDENTIFICACIÓN TERRITORIAL: - Dinamización dos municipios e da poboación local e empresarios cara á idea "TERRITORIO SOSTIBLE: MEDIO-AMBIENTE PRODUCIÓNS LOCAIS-TURISMO-CALIDADE DE VIDA". - Accións de promoción da diferenciación do territorio cara á sustentabilidade: TERRITORIO SOSTIBLE. - Accións de difusión e promoción da estratexia do GDR TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE, como PLANIFICACIÓN TERRITORIAL SOSTIBLE, que responde ao OBXECTIVO de POTENCIAR A ESPECIALIZACIÓN AMBIENTAL DO TERRITORIO, CONTRIBUÍNDO Á CREACIÓN E CONSERVACIÓN DO EMPREGO, a través das súas dúas liñas estratéxicas: - ESPECIALIZACIÓN TERRITORIAL SOSTIBLE PARA O APROVEITAMENTO DE SINERXIAS ENTRE SECTORES. - ESTIMULAR A ECONOMÍA, O EMPRENDEMENTO, A CREACIÓN DE EMPREGO E A INNOVACIÓN
REQUISITOS
Accións a celebrar desde a Submedida 19.4. Animación.
NATUREZA DAS ACCIÓNS
No produtiva
ORZAMENTO APROXIMADO POR CADA ACCIÓN
4.000,00 €
INDICADORES ESPECÍFICOS
– Número de persoas participantes nas accións de difusión e promoción.
– Número de accións de difusión e promoción.
– Número de mulleres e mozos participantes na accións de promoción.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO
OBXECTIVO XERAL 1. **PROMOVER E IMPULSAR UNHA PLANIFICACIÓN TERRITORIAL SOSTIBLE**
OBXECTIVO ESPECÍFICO
1.1. DIFERENCIACIÓN DO TERRITORIO CARA ASOSTENIBILIDADE AMBIENTAL
ACCIÓNS A DESENVOLVER
1.1.3. Creación dunha MARCA TERRITORIAL AMBIENTAL, como primeiro paso na estratexia de ESPECIALIZACIÓN TERRITORIAL SOSTIBLE
LOCALIZACIÓN
Todo o territorio do GDR 16
PROMOTORES POTENCIAIS
GDR Terras de Pontevedra Norte
DESCRICIÓN
– Promover o acordo para a creación da marca. – Asesoramento para a regulación do uso (vinculado á calidade territorial e o desenvolvemento sostible) – Sensibilización, dinamización dos asociados e promoción na comarca para a adhesión de servizos, empresas produtores, concellos… – Facilitar o intercambio de experiencias entre os asociados.
REQUISITOS
Accións a celebrar desde a Submedida 19.4. Animación.
NATUREZA DAS ACCIÓNS
No produtiva
ORZAMENTO APROXIMADO POR CADA ACCIÓN
10.000,00 €
INDICADORES ESPECÍFICOS
– Número de participantes nas accións, asesoramento , sensibilización e dinamización.
– Número de reunións celebradas.
– Número de mulleres e mozos participantes nas accións de promoción

OBXECTIVO ESTRATÉXICO
OBXECTIVO XERAL 1. **PROMOVER E IMPULSAR UNHA PLANIFICACIÓN TERRITORIAL SOSTIBLE**
OBXECTIVO ESPECÍFICO
1.1. DIFERENCIACIÓN DO TERRITORIO CARA A SOSTENIBILIDADE AMBIENTAL
ACCIÓNS A DESENVOLVER
1.1.4. VALORIZACIÓN TERRITORIAL
LOCALIZACIÓN
Todo o territorio do GDR 16
PROMOTORES POTENCIAIS
GDR Terras de Pontevedra Norte
DESCRICIÓN
– Accións de apoio á edición de libros, mapas, guías, páxinas web vinculados á valorización do territorio – Apoio á participación en certames, eventos, feiras e concursos vinculados á valorización do territorio – Apoio aos eventos de difusión o estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
REQUISITOS
Accións a celebrar desde a Submedida 19.4. Animación.
NATUREZA DAS ACCIÓNS
No produtiva
ORZAMENTO APROXIMADO POR CADA ACCIÓN
5.000,00 €
INDICADORES ESPECÍFICOS
– Número libros, guías, pax. web confeccionadas.
– Numero de libros, guías repartidos.
– Número de eventos celebrados.
– Número de mulleres e mozos participantes nas accións de difusión.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO
OBXECTIVO XERAL 1. **PROMOVER E IMPULSAR UNHA PLANIFICACIÓN TERRITORIAL SOSTIBLE**
OBXECTIVO ESPECÍFICO
1.2. CREACIÓN DE SINERXIAS ENTRE OS DIFERENTES SECTORES DE DIFERENCIACIÓN TERRITORIAL.
ACCIÓNS A DESENVOLVER
1.2.1. Establecemento de colaboracións entre os tres sectores de DIFERENCIACIÓN TERRITORIAL: – Medioambiente – Producións comarcais – Turismo sostible
LOCALIZACIÓN
Todo o territorio do GDR 16
PROMOTORES POTENCIAIS
GDR Terras de Pontevedra Norte
DESCRICIÓN
– Campaña informativa e de apoio á colaboración intersectorial. – Facilitar, mediante asistencias técnicas, a integración de empresas locais en tecidos e estruturas asociativas sectoriais do territorio e destas á MARCA TERRITORIAL – Apoiar a constitución de cooperativas e a execución de accións colectivas entre empresarios locais.
REQUISITOS
Accións a celebrar desde a Submedida 19.4. Animación.
NATUREZA DAS ACCIÓNS
No produtiva
ORZAMENTO APROXIMADO POR CADA ACCIÓN
10.000,00 €
INDICADORES ESPECÍFICOS
– Número de empresas participantes

OBXECTIVO XERAL 2.- IMPULSAR A DOTACION DE SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS

Que eviten o despoboamento e favorezan a ocupación racional do territorio, con especial atención aos colectivos vulnerables e máis desfavorecidos:

OBXECTIVO ESTRATÉXICO
OBXECTIVO XERAL 2. **IMPULSAR A DOTACIÓN DE SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS**
OBXECTIVO ESPECÍFICO
2.1. APOIO AOS SERVIZOS PÚBLICOS, CO OBXECTO DE EMENDAR AS DEFICIENCIAS DETECTADAS NOS SERVIZOS Á POBOACIÓN
ACCIÓNS A DESENVOLVER
2.1.1. POSTA EN MARCHA DUN PLAN DE DINAMIZACIÓN COMARCAL, PARA FACILITAR A COBERTURA DOS SERVIZOS BÁSICOS.
LOCALIZACIÓN
Todo o territorio do GDR 16
PROMOTORES POTENCIAIS
GDR Terras de Pontevedra Norte
DESCRICIÓN
– Accións de dinamización para conseguir a cobertura dos servizos colectivos necesarios, por exemplo depuración de augas, recollida de lixos, reciclado de residuos, servizos asistenciais, instalacións deportivas, educación, lecer …
REQUISITOS
Accións a celebrar desde a Submedida 19.4. Animación.
NATUREZA DAS ACCIÓNS
No produtiva
ORZMAMENTO APROXIMADO POR CADA ACCIÓN
3.000,00 €
INDICADORES ESPECÍFICOS
– Número de participantes nas accións de promoción
– Número de eventos celebrados
– Número de mulleres e mozos participantes nas accións de promoción

OBXECTIVO ESTRATÉXICO
OBXECTIVO XERAL 2. **IMPULSAR A DOTACIÓN DE SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS**
OBXECTIVO ESPECÍFICO
2.1. APOIO AOS SERVIZOS PÚBLICOS, CO OBXECTO DE EMENDAR AS DEFICIENCIAS DETECTADAS NOS SERVIZOS Á POBOACIÓN
ACCIÓNS A DESENVOLVER
2.1.2. APOIO Á MELLORA DOS SERVIZOS BÁSICOS, CULTURAIS, DEPORTIVOS E DE LECER.
LOCALIZACIÓN
Todo o territorio do GDR 16
PROMOTORES POTENCIAIS
Concellos: sector público Asociacións, fundacións. Sector privado
DESCRICIÓN
– Apoio aos equipamentos culturais – Apoio aos equipamentos e servizos deportivos – Apoio aos equipamentos de lecer, saúde e benestar
REQUISITOS
Accións a celebrar desde a Submedida 19.2. Apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo. Que teñan un interese público ou colectivo, deberán ser proxectos que afecten, interesen ou beneficien dalgún xeito ou conxunto da poboación en xeral. Poderanse apoiar aqueles servizos básicos que non sexan competencia do concello segundo no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (Vixente ata o 02 de Outubro de 2016). Con respecto aos centros sociais hai limitacións por parroquias segundo especifícase na parte V Xestión da EDLP.
NATUREZA DAS ACCIÓNS
No produtiva
ORZAMENTO APROXIMADO POR CADA ACCIÓN
3.000,00 €
INDICADORES ESPECÍFICOS
– Número de equipamentos culturais
– Número de equipamentos e servizos deportivos
– Número de equipamentos de lecer, saúde e benestar

OBXECTIVO ESTRATÉXICO
OBXECTIVO XERAL 2. **IMPULSAR A DOTACIÓN DE SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS**
OBXECTIVO ESPECÍFICO
2.1. APOIO AOS SERVIZOS PÚBLICOS, CO OBXETO DE SUBSANAR AS DEFICIENCIAS DETECTADAS NOS SERVIZOS A POBOACIÓN.
ACCIÓNS A DESENVOLVER
2.1.3. APOIO AO ACCESO DA POBOACIÓN ÁS NNTT.
LOCALIZACIÓN
Todo o territorio do GDR 16
PROMOTORES POTENCIAIS
Concello: sector público Asociacións, fundacións. Sector privado
DESCRICIÓN
Apoio á creación ou mellora de equipamentos para o acceso da poboación ás NNTT, por exemplo: – Telecentros. – Aulas de informática – Outros
REQUISITOS
Accións a celebrar desde a Submedida 19.2. Apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo. Que teñan un interese público ou colectivo, deberán ser proxectos que afecten, interesen ou beneficien dalgún xeito ou conxunto da poboación en xeral.
NATUREZA DAS ACCIÓNS
Non produtiva.
ORZAMENTO APROXIMADO POR CADA ACCIÓN
3.500,00 €
INDICADORES ESPECÍFICOS
– Numero de instalacións TIC

OBXECTIVO ESTRATÉXICO
OBXECTIVO XERAL 2. **IMPULSAR A DOTACIÓN DE SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS**
OBXECTIVO ESPECÍFICO
2.1. APOIO AOS SERVIZOS PÚBLICOS, CO OBXECTO DE EMENDAR AS DEFICIENCIAS DETECTADAS NOS SERVIZOS Á POBOACIÓN
ACCIÓNS A DESENVOLVER
2.1.4. APOIO AOS SERVIZOS QUE FAVOREZAN A IGUALDADE E O BENESTAR SOCIAL:
LOCALIZACIÓN
Todo o territorio do GDR 16
PROMOTORES POTENCIAIS
Concellos: sector público Empresas, emprendedores, asociacións, fundacións: Sector privado
DESCRICIÓN
Apoio á creación ou mellora de servizos que favorezan a igualdade e o benestar social como: – Centros de integración de comunidades marxinais e inmigrantes. – Centros de inserción e inclusión social – Escolas infantís – Centros de maiores – Apoio e promoción dos sistemas de transporte adaptado – Apoio ao equipamento para a accesibilidade das persoas con discapacidade – Outros servizos.
REQUISITOS
– Proxectos produtivos: Teñen que supoñer a realización dunha actividade económica, tendente á produción servizos. Que supoñen unha creación e/ou mantemento de emprego. – Proxectos non produtivos: Non poden supoñer o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica.
NATUREZA DAS ACCIÓNS
Produtivas e non produtivas
ORZAMENTO APROXIMADO POR CADA ACCIÓN
50.000,00 €
INDICADORES ESPECÍFICOS
– Número de centros creados
– Numero e tipoloxía das persoas beneficiadas

OBXECTIVO ESTRATÉXICO
OBXECTIVO XERAL 2. **IMPULSAR A DOTACIÓN DE SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS**
OBXECTIVO ESPECÍFICO
2.1. APOIO AOS SERVIZOS PÚBLICOS, CO OBXETO DE SUBSANAR AS DEFICIENCIAS DETECTADAS NOS SERVIZOS Á POBLACIÓN
ACCIÓNS A DESENVOLVER
2.1.5. APOIO Á UTILIZACIÓN DE ENERXÍAS RENOVABLES E FAVORECER ACCIÓNS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA EN PREVENCIÓN DO CAMBIO CLIMÁTICO
LOCALIZACIÓN
Todo o territorio do GDR 16
PROMOTORES POTENCIAIS
Concellos: sector público Empresas, emprendedores, asociacións, fundacións: Sector privado
DESCRICIÓN
– Apoio ás accións de eficiencia e aforro enerxético en infraestruturas de uso público. – Apoio ás accións de eficiencia e aforro enerxético en empresas e servizos privados.Apoio ás accións para evitar a contaminación.
REQUISITOS
No sector de enerxías renovables quedan excluídas de financiamento a través da medida Leader de Galicia 2014-2020, calquera tipo de investimento en enerxías renovables para a venda á rede.
NATUREZA DAS ACCIÓNS
Produtivas e non produtivas
ORZAMENTO APROXIMADO POR CADA ACCIÓN
35.000 €
INDICADORES ESPECÍFICOS
– Número de infraestruturas instaladas no sector público.
– Número de infraestruturas instaladas no sector privado.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO
OBXECTIVO XERAL 2. **IMPULSAR A DOTACIÓN DE SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS**
OBXECTIVO ESPECÍFICO
2.2. APOIO Á INNOVACIÓN NOS SERVIZOS PRIVADOS DIRIXIDOS Á POBOACIÓN LOCAL, CON ESPECIAL ATENCIÓN DA POBOACIÓN DESFAVORECIDA **
ACCIÓNS A DESENVOLVER
2.2.1. CREACIÓN DE EMPRESAS QUE OFERTEN SERVIZOS DIRIXIDOS Á POBOACIÓN COMARCAL, ESPECIALMENTE AOS COLECTIVOS VULNERABLES
LOCALIZACIÓN
Todo o territorio do GDR 16
PROMOTORES POTENCIAIS
Empresas, emprendedores: Sector privado
DESCRICIÓN
– Apoio ás empresas que oferten servizos dirixidos a maiores e a persoas con diversidade funcional ou calquera tipo de discapacidade. – Creación de empresas que oferten servizos que favorezan a igualdade. – Apoio á utilización de NNTT, en establecementos privados e empresas. – Apoio á posta en marcha de servizos relacionados co lecer, o deporte e a cultura. – Apoio a outros servizos.
REQUISITOS
Atenderase preferentemente aos servizos que respondan as necesidades detectadas no estudo de necesidades do territorio e ás que se puxeron de manifesto no proceso de participación da poboación local na elaboración da estratexia. Estes servizos ofrecerán solucións aos problemas detectado con: – Novos enfoques – Novos produtos – Novas intervencións Valorarase tamén o efecto multiplicador ou «efecto arrastre» sobre os cambios que a comunidade quere conseguir. (**) Entendendo por colectivos desfavorecidos: MULLERES, NOVAS (menores de 41 anos), DESEMPREGADOS (máis de 1 ano, acreditado oficina de emprego), INMIGRANTES (de fóra de España), EMIGRANTES RETORNADOS (de fóra de Galicia), PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL, MAIORES DE 55 ANOS.
NATUREZA DAS ACCIÓNS
Produtiva
ORZAMENTO POR CADA ACCIÓN
200.000,00 €
INDICADORES ESPECÍFICOS
– Número de empresas creadas o ampliadas
– Numero de persoas beneficiarias

OBXECTIVO ESTRATÉXICO
OBXECTIVO XERAL 2. **IMPULSAR A DOTACIÓN DE SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS**
OBXECTIVO ESPECÍFICO
2.2. APOIO Á INNOVACIÓN NOS SERVIZOS PRIVADOS DIRIXIDOS Á POBOACIÓN LOCAL, CON ESPECIAL ATENCIÓN DA POBOACIÓN DESFAVORECIDA**
ACCIÓNS A DESENVOLVER
    - Novos procesos – novos produtos.
3. Marketing mix: promotion, price, place.

Tendo en conta, os sectores de especialización territorial, podemos sinalar as seguintes características innovadoras da estratexia:

1. Medioambiente e territorio: Favorecer a conservación e o mantemento ambiental e patrimonial forestal:
    a. Mellora do aproveitamento de residuos/subproductos.
    b. Incremento da eficiencia enerxética dos procesos de transformación.
    c. Posta en marcha de proxectos ambientais de I+D.
    d. Creación de sinerxías entre o desenvolvemento ambiental SOSTIBLE, os produtos agroalimentarios e agroforestais e o turismo. Potenciación da idea "TERRITORIO SOSTIBLE: MEDIO AMBIENTE-PRODUCIÓNS LOCAIS. TURÍSMO-CALIDADE DE VIDA, como instrumento para mellorar a calidade de vida da poboación comarcal e garantir a calidade dos bens, servizos e patrimonio (cultural, histórico e ambiental) producidos no territorio.
2. Producións comarcais: Mellorar o posicionamento dos produtos agroalimentarios e agroforestais.
    a. Creación de marca de calidade territorial e /ou Adhesión ás figuras de calidade existentes
    b. Potenciación dos circuítos curtos de comercialización
    c. Promoción para a trasformación ?in situ? das materias primas agro gandeiras e forestais.
    d. Creación de sinerxías entre o desenvolvemento ambiental sostible, os produtos agroalimentarios e agroforestais e o turismo.
    e. Potenciación da idea "produto acabado": materia prima – trasformación – venta directa (incluído comercio electrónico) – visitas – degustación.
3. Recursos turísticos: culturais, patrimoniais e medioambientales: Desenvolver o turismo sostible.
    a. Creación de sinerxías entre o desenvolvemento ambiental SOSTIBLE, os produtos agroalimentarios e agroforestais e o turismo.
    b. Apoio á valorización innovadora de elementos patrimoniais

c. Apoio para a aplicación das novas tecnoloxías ao patrimonio cultural e ambiental

1.8. Descrición das características integradas da estratexia

A perspectiva integradora desta estratexia parte:

- Do diagnóstico territorial e da análise das debilidades, ameazas fortalezas e oportunidades: DAFO, que se recolle no punto anterior.
- Do proceso de participación da poboación local na definición desta estratexia (tal e como se recolle na parte II da Estratexia.

En consecuencia e en resposta a esta análise e ao proceso participativo desenvolvido establécese unha formulación integradora, xa que se pretende POTENCIAR A ESPECIALIZACIÓN AMBIENTAL DO TERRITORIO, CONTRIBUÍNDO Á CREACIÓN E CONSERVACIÓN DO EMPREGO.


Para alcanzar este obxectivo de "especialización ambiental para a creación e mantemento do emprego",desenvólvese especialmente, unha das súas liñas estratéxicas:

ESPECIALIZACIÓN TERRITORIAL SOSTIBLE PARA O APROVEITAMENTO DE SINERXÍAS ENTRE SECTORES.

Como se anotou no punto 1.3.1, esta liña estratéxica diríxese, por unha banda a evitar o despoboamento, dotando á poboación (especialmente aos colectivos vulnerables) dos servizos precisos, favorecendo a ocupación racional do territorio e doutra banda á promoción dunha planificación territorial sostible que potencie a diferenciación do territorio cara á sustentabilidade ambiental, e a creación de sinerxías entre os diferentes sectores de diferenciación territorial, que constitúe, como se apuntou no apartado anterior, unha das característica innovadoras desta formulación estratéxica.

Defínense, por tanto sinerxías entre os tres sectores de DIFERENCIACIÓN TERRITORIAL:

- Medio ambiente
- Producións comarcais
- Turismo sostible



ESQUEMA DO CÍRCULO SINÉRXICO DA ESTRATEXIA.

O elemento principal deste círculo sinérxico é O MANTEMENTO E A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DA POBOACIÓN.

A ferramenta principal é a ESPECIALIZACIÓN TERRITORIAL SOSTIBLE, que se serve dos tres elementos de diferenciación territorial, agrupados nunha MARCA TERRITORIAL.
Entre estes elementos establécense "colaboracións"(sinerxías). E isto é así, porque tanto as producións comarcais, como o desexable desenvolvemento turístico sérvense da conservación e mantemento ambiental e agroforestal, que:

– Nutre de materias primas ás producións comarcais: leite, cereais, galo..
– Proporciona os recursos para o desenvolvemento dun turismo SOSTIBLE, baseado nas potencialidades ambientais e patrimoniais e que se serve tamén da existencia de produtos de calidade, que son transformados e comercializados no propio territorio.Por tanto se integran tódolos sectores económicos capaces de xerar desenvolvemento socio – económico, "explotando as vantaxes competitivas do territorio"

Tamén, este plantexamento estratéxico e como verase máis adiante, tamén INTEGRA:

– Todos os sectores poboacionais, con especial atención aos máis vulnerables: mulleres e mozas en particular.

1.9. Incidencia da estratexia nos colectivos de mozos, mulleres, inmigrantes e persoas con diversidade funcional.

Situación de partida	O colectivo de desempregados, mozos e mulleres é particularmente fráxil, non só pola súa cantidade, senón polas especiais condicións do mercado de traballo, que non facilitan a súa inclusión. **A TAXA DE PARO** é altísima (22,28 %), existindo un significativo 15 % de desempregados que buscan o seu primeiro emprego, tamén se observou que o desemprego se focaliza nos municipios máis grandes, nos que hai maior actividade do sector servizos. É este sector, ademais, o que concentra o 54% dos desempregados. Tamén se detectou un problema de emigración feminina e xuvenil, por falta de expectativas de desenvolvemento laboral e persoal, ás zonas urbanas, en busca de oportunidades. Como vimos o **54 % dos desempregados son mulleres e por tramos de idade, o maior volume corresponde ás mulleres entre 25 e 45 anos.** Existe, por outra banda colectivo de inmigrantes, que representa un 3,27 % da poboación total, concentrado principalmente, nos municipios de Lalín e Silleda, aínda que non se detectaron, especiais dificultades de inserción socioeconómica, ou en todo caso, as que se poden derivar, nalgúns casos da falta de emprego ou da precariedade o estacionalidade do mesmo. Por último, aínda que non nos é posible ofrecer datos sobre o número persoas con **discapacidade residentes** na comarca, detectáronse problemas para a súa integración, particularmente debido á súa escasa visibilidade e á inexistencia de servizos e infraestruturas especializados.
Incidencia de la Estratexia	Neste contexto, existen catro repercusións principais desta estratexia: 1.- **Facilitar a participación destes colectivos**, en primeiro lugar na definición desta estratexia e na súa posta en marcha e en segundo lugar no seu desenvolvemento, a través da súa participación activa no GDR, co que se asegura a visibilización dos seus intereses. 2.- **Favorecer o desenvolvemento do capital humano**, ao obxecto de consolidar o principal factor de competitividade territorial, a través da formación e a capacitación. 3.- **Mellorar a calidade de vida da poboación**, coa dotación de servizos e infraestruturas 4.- **Crear emprego:** a aposta pola creación de emprego (en especial para os colectivos vulnerables), é a repercusión principal desta estratexia en relación ao emprego, a igualdade e a integración social. Esta (a creación de emprego), revélase como o mellor factor de integración, xa que ofrece a estes colectivos a oportunidade de formar parte da sociedade na que viven e participar nos procesos económicos, sociais, políticos, e culturais, contribuíndo, co seu traballo, ao desenvolvemento comarcal NESTE SENTIDO, O ACCESO AO MERCADO DE TRABALLO, É A FORMA DE ASEGURAR A AUTONOMÍA PERSOAL DESTES COLECTIVOS, DE MELLORAR AS SÚAS CONDICIÓNS DE VIDA E DE ASEGURAR A SÚA INTEGRACIÓN SOCIAL E A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.

Relación de obxectivos

1.- **Facilitar a participación:**

1.1.1	PROMOVER A IDENTIDADE TERRITORIAL, para Incrementar a competitividade territorial, vinculada á identidade, a calidade social, ambiental e económica en cada un dos MUNICIPIOS DO ÁMBITO DE INTERVENCIÓN DO GDR.
1.1.2	PROMOVER O DESEÑO DUNHA PLANIFICACIÓN TERRITORIAL SOSTIBLE

2.- Favorecer o desenvolvemento do capital humano:

4.1.1	Desenvolvemento dun Plan formativo adaptado
4.2.1	Campaña de sensibilización local para a incorporación laboral de mozas e mulleres.

3.- Mellorar a calidade de vida da poboación:

2.1.1	Posta en marcha dun plan de dinamización comarcal, para facilitar a cobertura dos servizos básicos
2.1.2	Apoio á mellora dos servizos básicos, culturais, deportivos e de lecer:
2.1.3	Apoio ao acceso da poboación ás NNTT:
2.1.4	Apoio aos servizos que favorezan a igualdade e o benestar social:
2.2.1	Creación de empresas que oferten servizos dirixidos á poboación comarcal, especialmente aos colectivos vulnerable
3.3.6	Apoio á accesibilidade dos recursos e servizos turísticos.

3.- **Crear emprego** (a igualdade e a integración social)

4.2.3	Apoio a la creación y mantemento de emprego, especialmente para los colectivos vulnerables.

1.10. Incidencia da estratexia na conservación, mellora e preservación do medio ambiente e incidencia no cambio climático e aforro enerxético.

Segundo o INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA 2014-2020 , detéctanse 10 necesidades relacionadas coa mellora da competitividade do complexo agroalimentario e forestal, incluíndo a integración vertical da cadea forestal e o fomento da produción de calidade diferenciada e desde o prisma da sustentabilidade, coa posta en valor do patrimonio natural e a contribución ao cambio climático, e coa innovación, a formación e a transferencia do coñecemento.

Estas necesidades, dan lugar a 10 obxectivos que responden directamente a os propostos polo Órgano Ambiental no Documento de Referencia para contribuír ao

desenvolvemento económico equilibrado e sostible do territorio, así como a cohesión social e a mellora da calidade de vida da poboación e a utilización racional do territorio e a sustentabilidade ambiental, en coherencia co modelo territorial que establecen a DOT.

Os ámbitos ou elementos territoriais agrúpanse en: paisaxe, patrimonio natural, ocupación do territorio, sociedade e economía, enerxía, atmosfera e cambio climático, ciclo hídrico e ciclo dos materiais.

A Medida 19 do PDR: LEADER, segundo este mesmo informe, debe contribuír a cada unha destas necesidades ambientais detectadas dunha forma transversal e sinérxica.

Así mesmo destaca determinadas zonas que, ben pola súa especial sensibilidade, ou ben por concentrarse nelas a maioría das actuacións, poden verse afectadas especialmente.

Entre estas zonas atópanse, en relación ao territorio do GDR 16:

1. Zonas de maior sensibilidade ambiental

1.1. Espazos Rede Natura 2000:

1.1.1. O territorio conta con 6 lugares designados como ZEC, polo decreto 37/2014, do 27 de marzo , que ademais, forman parte da Rede Galega de Espazos Naturais protexidos.

1.- ZEC BRAÑAS DE XESTOSO (ES1140008). A Estrada, Forcarei e Silleda.

2.- ZEC MONTE DO FARO (ES1120008). Agolada, Dozón, Lalín e Rodeiro

3.- ZEC SERRA DO CANDO (ES1140014). Forcarei

4.- ZEC SERRA DO CANDÁN (ES1140013). Forcarei, Lalín, Silleda,

5.- ZEC SISTEMA FLUVIAL ULLA-DEZA (ES1140001). A Estrada; Silleda e Vila de Cruces.

6.- ZEC SOBREIRAIS DO ARNEGO (ES1140015). Agolada, Lalín e Vila de Cruces.

1.2. Outros Espazos Naturais Protexidos:

1.2.1.Monumentos naturais: dos que afectan ao territorio o da "Fraga de Catasós"

2. Zonas vinculadas con actividades do medio rural donde se concentran a maioría das actuacións.

2.1. Entre as que citamos, pola súa afección ao GDR 16:

2.1.1. Espazos forestais.

2.1.2. Zonas Desfavorecidas.

2.1.3. Chans afectados por procesos erosivos, perda de materia orgánica e contaminación

2.1.4. Zonas vulnerables á contaminación por nitratos de orixe agraria.

2.1.5. Zonas de aplicación de LEADER.

2.1.6. Zonas onde se crearon figuras de calidade como a Denominación de Orixe ou a Indicación Xeográfica Protexida, como a IXP Castaña de Galicia.

Por iso na seguinte táboa establecemos a correspondencia entre estes ámbitos e a contribución da estratexia do GDR 16.

Ámbitos	Obxectivos ambientais PDR 2014-2020 Galicia (propostos no Documento de Referencia)	Coherencia cos Obxectivos da estratexia do GDR 16
Paisaxe	**OBXECTIVO: Preservar, protexer e poñer en valor a calidade da paisaxe. Criterios:** – Promover prácticas que contribúan á protección da diversidade de paisaxes e de su calidade. – Promover o uso público da paisaxe. – Propoñer medidas que incentiven o mantemento e posta en valor da paisaxe e que favorezan a conservación dos elementos de estruturación e conectividade, así como a restauración dos espazos degradados.	**3.1.2 Recuperación de recursos naturais degradados, o en perigo.**
Patrimonio Natural	**OBXECTIVO: Favorecer a integridade funcional dos sistemas naturais. Criterios:** – Contribuír á conservación e posta en valor das especies protexidas e dos espazos incluídos na Rede galega de espazos naturais, na Rede Natura 2000 e daquelas áreas protexidas por instrumentos internacionais. – Promover a protección doutras áreas o formacións con valores físicos o naturais e que complementen a funcionalidade das áreas protexidas, como os sistemas agrarios de alto valor natural. – Favorecer a creación de zonas de transición que sirvan de amortiguamiento ante posibles afeccións sobre os espazos máis vulnerables e contribúan á continuidade física e funcional dos sistemas naturais. **OBXECTIVO: Xestionar a funcionalidade propia dos recursos naturais. Criterios:** – Fomentar a utilización dos recursos naturais compatibles coas súas propias características e o entorno inmediato que se introducen. – Promover o uso de especies autóctonas e establecer medidas de redución e eliminación de especies alóctonas o invasoras. – Favorecer actuacións que contribuían á recuperación dos sistemas naturais degradados. – Contribuír para axustar a intensidade de usos á capacidade de acollida dos sistemas naturais. **OBXECTIVO: Favorecer a conectividade ecolóxica. Criterios:** – Promover a conectividade ecolóxica do territorio das especies e dos espazos naturais, considerando os cursos fluviais e a vexetación de ribera, a matogueira en zonas agrícolas, as zonas de monte e outros elementos do territorio que actúen de nexo entre os hábitats naturais e favorezan a distribución das poboacións de flora e faunha.	**3.1.3 Apoio á conservación e mantemento das áreas naturais protexidas REDE NATURA 2000 e Rede de Espazos naturais galegos.** **3.1.4 Apoio á conservación e mellora das masas forestais.**

Patrimonio Cultural	**OBXECTIVO: Protexer, conservar e poñer en valor os elementos patrimoniais. Criterios:** – Favorecer a preservación, rehabilitación e conservación dos elementos de interese histórico, cultural, identitario, artístico, arquitectónico e arqueolóxico. – Promover a posta en valor dos bens culturais e favorecer a súa accesibilidade e aproveitamento por parte da poboación.	**3.1.6 Protexer, conservar e poñer en valor elementos patrimoniais, para o seu uso público**
Ocupación do Territorio	**OBXECTIVO: Racionalizar o uso do chan.** **Criterios:** – Analizar as necesidades produtivas do medio rural en coherencia co uso do chan, a súa potencialidade e capacidade de acollida. – Promover a recuperación de espazos agroforestais degradados, a recuperación e posta en valor. **OBXECTIVO:Evitar o reducir os riscos.** **Criterios:** – Identificar os riscos asociados ás actividades do medio rural e fomentar a mellora na capacidade de defensa contra os mesmos. – Promover a adaptación as novas condicións físicas, como o desenvolvemento de cultivos asociados a novas condicións climáticas.	**1.1.1 PROMOVER LA IDENTIDADE TERRITORIAL, para Incrementar a competitividade territorial, vinculada á identidade, a calidade social, ambiental e económica en cada un dos MUNICIPIOS DO ÁMBITO DE INTERVENCIÓN DO GDR.** **1.1.2 Promover o deseño dunha planificación territorial sostible.** **3.1.1 Dinamización da poboación cara a conservación e mantemento medioambiental e forestal e as súas posibilidades para o desenvolvemento económico do territorio.** **3.1.2 Recuperación de recursos naturais degradados, o en perigo.**
Sociedade	**OBXECTIVO: Favorecer o equilibrio entre a poboación e os equipamentos e servizos. Criterios:** – Promover actuacións que favorezan unha dinámica demográfica positiva no medio rural. – Favorecer medidas de oferta de equipamentos e espazos libres públicos acordes ás necesidades (asistenciais, sociais, educativas, culturais e deportivas) para o que se terá en conta o modelo de asentamento poboacional no medio rural e o sistema de asentamento das DOT. – Contribuír á dotación dos servizos urbanísticos básicos para dar resposta ás necesidades da poboación. – Favorecer a implantación de tecnoloxías de información e comunicación (TIC). **OBXECTIVO: Mellorar a calidade de vida e a habitabilidade. Criterios:** – Favorecer unha paisaxe rural de calidade que integre as novas actuacións na área na que se asintan. – Contribuír á creación dunha rede de espazos libres continua, diversificada e accesible e, favorecer a interacción das persoas coa NATUREZA. – Promover actuacións que procuren a	**2.1.1 Posta en marcha dun plan de dinamización comarcal, para facilitar a cobertura dos servizos básicos:** **2.1.2 Apoio á mellora dos servizos básicos, culturais, deportivos e de ocio:** **2.1.3 Apoio ao acceso da poboación ás NNTT:** **1.1.1 PROMOVER A IDENTIDADE TERRITORIAL, para Incrementar a competitividade territorial, vinculada á identidade, a calidade social, ambiental e económica en cada un dos MUNICIPIOS DO ÁMBITO DE INTERVENCIÓN DO GDR.** **2.1.4 Apoio aos servizos que favorezan a igualdade e o benestar social** **2.2.1 Creación de empresas que oferten servizos dirixidos á poboación comarcal, especialmente aos colectivos vulnerables** **4.1.1 Desenvolvemento dun Plan formativo adaptado** **4.2.1 Campaña de sensibilización**

	preservación da identidade propia do medio rural. **OBXECTIVO: Favorecer a cohesión social e garantir a non exclusión. Criterios:** – Considerar os diferentes colectivos sociais no establecemento de medidas, especialmente os grupos de menor idade e mulleres. – Promover a creación de espazos para a convivencia, ocio, exercicio e intercambio, entre outros, acordes coa identidade do medio rural. **OBXECTIVO: Garantir a participación cidadá e a colaboración entre administracións. Criterios:** – Promover medidas formativas, de desenvolvemento de capacidades e aprendizaxe permanente. – Favorecer o dereito de información e establecer mecanismos de participación social nas distintas fases da planificación. – Promover a adopción de acordos entre os diferentes organismos públicos, asociacións, grupos de acción, etc. para o desenvolvemento no medio rural.	**local para a incorporación laboral de mozos e mulleres** **4.2.3 Apoio á creación e mantemento de emprego, especialmente para os colectivos vulnerables.**
Economía	**OBXECTIVO: Favorecer o desenvolvemento económico. Criterios:** – Promover a creación de novas actividades de acordo coas oportunidades detectadas no medio rural. – Fomentar as actividades económicas que permitan a diversificación e ampliación da base produtiva coa introdución de novas actividades vinculadas ao aproveitamento dos recursos endóxenos. – Promover a explotación e produción diferenciada e certificada, adaptada a novos estándares e exixencias de calidade. – Fomentar os mercados locais e os canais curtos de distribución. – Contribuír á adaptación dos produtos ás novas exixencias do mercado. – Promover a investigación, a innovación e a creación de viveiros de empresas como elementos de dinamización e xeración dun tecido produtivo e diversificado. OBXECTIVO: Optimizar la eficiencia de las actividades económicas. Criterios: – Fomentar a aplicación dos principios da ecoloxía industrial na planificación e deseño dos desenvolvementos industriais e considerar a implantación de procesos de innovación. – Contribuír a creación de equipamentos e infraestruturas apropiadas ás necesidades do desenvolvemento económico.	**1.1.3 Creación dunha MARCA TERRITORIAL AMBIENTAL, como primeiro paso na estratexia de ESPECIALIZACIÓN TERRITORIAL SOSTIBLE.** **1.2.1 Establecemento de colaboracións (sinerxías) entre os tres sectores de DIFERENCIACIÓN TERRITORIAL:** – **Medioambiente** – **Producións comarcais** – **Turismo sostible.** **3.2.3 Apoio á transformación in situ e a comercialización dos produtos de calidade elaborados no territorio** **3.2.4 Asistencia técnica, e apoio as empresas que incorporen innovacións nos procesos de transformación e envasado.** **3.2.5 Apoio á mellora da calidade das producións comarcais** **3.2.6 Apoio á comercialización das producións comarcais.** **3.3.4 Mellora do entorno de lugares destacados** **3.3.5 Apoio á sinalización dos recursos turísticos do territorio** **3.3.6 Apoio á accesibilidade dos recursos e servizos turísticos.**

	– Promover a mellora nas condicións de seguridade laboral e a xestión ambiental. – Fomentar o desenvolvemento da innovación e novas tecnoloxías no sector primario a través do sector privado e o cooperativismo.	
Enerxía	**OBXECTIVO: Promover o aforro no consumo enerxético. Criterios:** – Fomentar o concepto de eficiencia enerxética nas actividades económicas. **OBXECTIVO: Fomentar o uso de recursos enerxéticos renovables. Criterios:** – Promover as enerxías renovables e a autosuficiencia enerxética que permita combinar a xeneración local coas medidas de aforro e eficiencia.	**2.1.5 Apoio á utilización de enerxías renovables e favorecer accións de eficiencia enerxética en prevención do cambio climático**
Atmosfera e Cambio Climático	**OBXECTIVO: Contribuír á redución das emisións contaminantes (GEI). Criterios:** – Promover as prácticas agrícolas e forestais que reduzan as emisións de GEI e que preserven o efecto sumidoiro de carbono e a materia orgánica no cumprimento cós obxectivos de redución establecidos pola Estratexia de cambio climático. **OBXECTIVO: Reducir os efectos negativos da contaminación atmosférica. Criterios:** – Fomentar ouso de produtos cuxo uso non de lugar a riscos significativos na saúde e no medio ambiente. – Contribuír á redución da contaminación atmosférica sobre a poboación.	**2.1.5. Apoio á utilización de enerxías renovables e favorecer accións de eficiencia enerxética en prevención do cambio climático.** **3.2.2. Mellora das explotacións agrarias** – Apoio ás inversións de aforro enerxético – Apoio ás inversións en tecnoloxías novas e eficaces para reducir as emisións de CO2 e amoníaco – Apoio ás inversións en xestión de residuos **3.1.6.- Apoio á bioeconomía** **Apoio ás iniciativas de:** – Agro enerxía – Eficiencia na cadea de valor (redución de desperdicios) utilización de recursos de biomasa e produtos derivados da agricultura e a silvicultura para toda unha serie de aplicacións non alimentarias.
Ciclo Hídrico	**OBXECTIVO: Garantir o funcionamento do ciclo hídrico. Criterios:** – Estudar o estado dos recursos hídricos e os seus sistemas de xestión para abastecer as necesidades no medio rural. – Fomentar o mantemento do bo estado dos recursos hídricos e a súa explotación sostible. – Promover a mellora daquelas masas de auga deterioradas e a funcionalidade dos ecosistemas ligados ao medio acuático. – Contribuír á non afección daqueles espazos ligados a l medio hídrico. **OBXECTIVO: Garantir o tratamento apropiado das augas residuais. Criterios:** – Valorar as características e a cobertura da rede de saneamento e do sistema de tratamento existente no medio rural.	**2.1.5 Apoio á utilización de enerxías renovables e favorecer accións de eficiencia enerxética en prevención do cambio climático.** **2.1.1 Posta en marcha dun plan de dinamización comarcal, para facilitar a cobertura dos servizos básicos:** **Accións de dinamización para conseguir a cobertura dos servizos colectivos necesarios, por exemplo depuración de augas, recollida de lixos, reciclado de residuos, servizos asistenciais, instalacións deportivas, educación, lecer..**

	– Promover o saneamento do tipo separativo, fomentando os sistemas de saneamento autónomo para os desenvolvementos económicos industriais. – Fomentar a aplicación de medidas específicas adaptadas ás particularidades dos núcleos rurais, como pode ser o emprego de técnicas de baixo custe ou autónomas. **OBXECTIVO: Promover o aforro no consumo dos recursos hídricos. Criterios:** – Fomentar a implantación de sistemas e mecanismos de aforro de recursos hídricos. – Fomentar o aproveitamento das augas da chuvia e a reutilización das augas residuais.	
Ciclo dos Materiais	**OBXECTIVO: Xestionar eficientemente os fluxos de materiais e residuos. Criterios:** – Promover a disociación entre a produción de residuos e o desenvolvemento económico. – Fomentar a xerarquía de xestión na xeración dos residuos. – Fomentar a redución na produción dos residuos perigosos.	**2.1.1 Posta en marcha dun plan de dinamización comarcal, para facilitar a cobertura dos servizos básicos:** – **Accións de dinamización para conseguir a cobertura dos servizos colectivos necesarios, por exemplo depuración de augas, recollida de lixos, reciclado de residuos, servizos asistenciais, instalacións deportivas, educación, lecer..**

1.11.- Complementariedade e coherencia con outros programas de desenvolvemento que se apliquen no territorio.

1.11.1.- Marco comunitario de coordinación.

A Comisión Europea facilitou a coordinación coa elaboración dun único regulamento unificado de aplicación ás iniciativas DLCL que son financiadas por Fondos rurais, de pesca, sociais e rexionais (Artigos 32 -35 do Regulamento sobre as disposicións comúns) para o período 2014-2020.

No regulamento, con todo, non se indica como debería levar a cabo. Os procedementos detallados que estipulan as condicións de coordinación a nivel local dependen do contexto institucional de cada Estado membro e son establecidos a nivel rexional ou nacional.

Sinala, ao Estado membro como garante da coordinación de varias formas: A axuda dos Fondos EIE en cuestión ao desenvolvemento local participativo deberá ser coherente e estar coordinada entre eles. Isto conseguirase, entre outras cousas, coordinando a xeración de capacidades e a selección, aprobación e financiamento das estratexias de desenvolvemento local participativo e dos grupos de acción local. (Artigo 32(3) RDC).

1.11.2. Complementariedade e coherencia con outros programas de desenvolvemento.

No territorio do GDR TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE, non se aplican estratexias de desenvolvemento amparadas polo Fondo Europeo e Marítimo de Pesca.

1.11.3. Descrición dos criterios que garantan a coherencia da estratexia de desenvolvemento local coas intervencións doutros programas e liñas de axuda que se implementen no territorio.

No procedemento de xestión que se anexa a esta estratexia, inclúese o sistema que se seguirá para evitar a posibilidade de que exista dobre financiamento para un mesmo proxecto.

- Declaración doutras axudas concedidas e/ou solicitadas a outras entidades públicas e/ou privadas para o mesmo proxecto, con referencia, de ser o caso, ás axudas de mínimis segundo un modelo que se facilitará aos solicitantes.

Este procedemento será perfeccionado con máis detalle, unha vez apróbese a estratexia, incorporando as indicacións de AGADER.

1.11.4. Coherencia co PDR de Galicia.

LEADER, tendo en conta as características do territorio rural galego e o xa citado OBXECTIVO para contribuír á Estratexia 2020 de lograr un desenvolvemento territorial equilibrado da comunidade rural, incluíndo a creación e conservación do emprego, o enfoque LEADER para o período 2014-2020 en Galicia, orientarase á consecución prioritaria dos obxectivos que se relacionan na seguinte táboa, para a que se establece a súa correspondencia cos obxectivos deste PDL:

OBXECTIVOS SINALADO NO PDR DE GALICIA	OBXECTIVOS DO PDL DO GDR 16
Mellorar as condicións para crear e manter emprego no medio rural. En concreto, espérase que a implementación das estratexias por parte dos GAL contribúa de forma prioritaria a seleccionar proxectos produtivos que necesariamente consoliden e/ou cren emprego no territorio.	**OBXECTIVO XERAL 3.- Estímulo á economía local e á innovación, a través dos sectores de especialización territorial:** 3.1.5 Apoio á creación de empresas de servizos ambientais 3.2.2 Apoio económico e para a creación, ampliación, consolidación, modernización ou traslado dentro do territorio de empresas vinculadas ao sector primario. 3.2.3 Apoio á transformación in situ e á comercialización dos produtos de calidade elaborados no territorio 3.2.4 Asistencia técnica, e apoio ás empresas que incorporen innovacións nos procesos de transformación e envasado. 3.3.2 Apoio aos proxectos turísticos vinculados ao territorio, principalmente os dirixidos a crear un destino turístico sostible. OBXECTIVO XERAL 4.- Estímulo ao Emprendemento e á Creación de emprego 4.2.2 Axudas á creación de novas empresas relacionadas con : – As potencialidades ambientais – As producións agroalimentarias e industriais – Os recursos turísticos. 4.2.3 Apoio á creación e mantemento de emprego, especialmente para os colectivos vulnerables.
Mellorar e implementar servizos para a poboación nas zonas rurais, de maneira que se mellore o nivel de vida dos habitantes do medio rural, favorecendo a inclusión social e traballando na redución da pobreza e no desenvolvemento económico XERAL do territorio rural galego. Para iso seguirase impulsando, de forma prioritaria, o desenvolvemento de pequenas infraestruturas e servizos básicos nas zonas rurais, incluíndo as actividades culturais e de lecer e a rehabilitación do patrimonio cultural dos pobos e aldeas do territorio.	**OBXECTIVO XERAL 2.Impulsar a dotación de servizos e infraestruturas:** 2.1.2 Apoio á mellora dos servizos básicos, culturais, deportivos e de lecer. 2.1.3 Apoio ao acceso da poboación ás NNTT. 2.1.4 Apoio aos servizos que favorezan a igualdade e o benestar social.
Favorecer a ocupación sostible do territorio, con especial atención aos colectivos máis desfavorecidos dos territorios rurais, en particular, novos, mulleres, discapacitados, etc.	**OBXECTIVO XERAL 1.-Promover o deseño dunha planificación territorial sostible:** 1.1.1 PROMOVER A IDENTIDADE TERRITORIAL, para Incrementar a competitividade territorial, vinculada á identidade, a calidade social, ambiental e económica en cada un dos MUNICIPIOS DO ÁMBITO DE INTERVENCIÓN DO GDR. 1.1.2 PROMOVER O DESEÑO DUNHA PLANIFICACIÓN TERRITORIAL SOSTIBLE

	1.1.3 Creación dunha MARCA TERRITORIAL AMBIENTAL, como primeiro paso na estratexia de ESPECIALIZACIÓN TERRITORIAL SOSTIBLE 1.1.4 VALORIZACIÓN TERRITORIAL 1.1.5. Establecemento de colaboracións entre os tres sectores de DIFERENCIACIÓN TERRITORIAL: – Medio – Producións comarcais – Turismo SOSTIBLE OBXECTIVO XERAL 2.- IMPULSAR A DOTACIÓN DE SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS: 1.1.6 Creación de empresas que oferten servizos dirixidos á poboación comarcal, especialmente aos colectivos vulnerable.
Garantir a sustentabilidade da actividade no medio rural, mediante unha utilización adecuada dos recursos naturais	**OBXECTIVO XERAL 1.-Promover o deseño dunha planificación territorial sostible.** **1.1.2 PROMOVER O DESEÑO DUNHA PLANIFICACIÓN TERRITORIAL SOSTIBLE** **OBXECTIVO XERAL 3.** **Estímulo á economía local e á innovación, a través dos sectores de especialización territorial** 3.1.1 Dinamización da poboación cara á conservación e mantemento ambiental e forestal e ás súas posibilidades para o desenvolvemento económico do territorio. 3.1.2 Recuperación de recursos naturais degradados, ou en perigo. 3.1.3 Apoio á conservación e mantemento das áreas naturais protexidas REDE NATURA 2000 e Rede de Espazos naturais galegos 3.1.4 Apoio á conservación e mellora das masas forestais 3.1.5 Apoio á creación de empresas de servizos ambientais 3.1.6 Protexer, conservar e poñer en valor elementos patrimoniais, para o seu uso público
Innovación. Mediante a inclusión nas estratexias de novas formas de enfrontarse aos retos e necesidades que se expoñen en cada ámbito local.	**OBXECTIVO XERAL 2.-Impulsar a dotación de servizos e infraestruturas:** **2.1.3.** Apoio ao acceso da poboación ás NNTT **OBXECTIVO XERAL 3.-** **Estímulo á economía local e á innovación, a través dos sectores de especialización territorial:** 3.1.1. Dinamización da poboación cara á conservación e mantemento ambiental e forestal e ás súas posibilidades para o desenvolvemento económico do territorio. 3.2.1. Dinamización da poboación cara ás potencialidades agroalimentarias do territorio, para a súa valorización económica e o aproveitamento sinérxico.

	3.2.3. Apoio á transformación in situ e á comercialización dos produtos de calidade elaborados no territorio. 3.2.4. Asistencia técnica, e apoio ás empresas que incorporen innovacións nos procesos de transformación e envasado. 3.3.1. Dinamización da poboación cara ás potencialidades turísticas do territorio, para a súa valorización económica. **OBXECTIVO XERAL 4.-Estímulo ao Emprendemento e á Creación de emprego** 4.2.4. Apoiar a utilización de novas tecnoloxías nas empresas locais. 4.2.5. Apoio a empresas locais na aplicación de normativas de calidade e xestión ambiental. 4.2.6. Apoio á utilización nas empresas de enerxías renovables en prevención do cambio climático.
Contribuír á conservación e mellora do medio ambiente, mediante a consideración prioritaria nas estratexias de desenvolvemento local participativo deste OBXECTIVO transversal.	**OBXECTIVO XERAL 3.- Estímulo á economía local e á innovación, a través dos sectores de especialización territorial:** 3.1.1. Dinamización da poboación cara á conservación e mantemento ambiental e forestal e ás súas posibilidades para o desenvolvemento económico do territorio. 3.1.2. Recuperación de recursos naturais degradados, ou en perigo. 3.1.3. Apoio á conservación e mantemento das áreas naturais protexidas REDE NATURA 2000 e Rede de Espazos naturais galegos 3.1.4. Apoio á conservación e mellora das masas forestais.
Fomentar o paso a unha economía baixa en carbono e capaz de adaptarse ao cambio climático, fomentando o uso de enerxías renovables e a mellora da eficiencia enerxética.	**OBXECTIVO XERAL 2.- Impulsar a dotación de servizos e infraestruturas:** 2.1.5. Apoio á utilización de enerxías renovables e favorecer ACCIÓNS de eficiencia enerxética en prevención do cambio climático **OBXECTIVO XERAL 4.- Estímulo ao Emprendemento e á Creación de emprego** 4.2.5. Apoio a empresas locais na aplicación de normativas de calidade e xestión ambiental. 4.2.6. Apoio á utilización nas empresas de enerxías renovables en prevención do cambio climático.